

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL A LARACHA

Anuncio de licitación de contrato de varios seguros para o Concello da Laracha

LICITACIÓN CONTRATO DE SEGUROS DO CONCELLO DA LARACHA

De conformidade co Decreto da Alcaldía de data 23 de febreiro de 2015, por medio do presente anuncio efectúase a convocatoria de contratación do contrato de seguros do Concello da Laracha, mediante procedemento aberto:

1. Entidade adxudicadora.

- a) Organismo: Concello da Laracha.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.

2. Obxecto do contrato.

- a) Tipo: contrato privado
- b) Descrición: prestación do servizo de seguro para a cobertura de un seguro para a cobertura da responsabilidade civil e patrimonial do Concello da Laracha, un seguro para a flota de vehículos, especificados no anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares, un seguro polos danos materiais causados nos edificios municipais e un seguro colectivo de accidentes para os participantes en actividades e outras promovidas, realizadas ou organizadas polo Concello da Laracha, sexan executadas directamente polos servizos municipais ou por empresa contratada ao efecto.
- c) Duración do contrato: dous anos, prorrogable por acordo expreso do órgano de contratación, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de catro anos.
- d) CPV (Referencia de nomenclatura): 66516000-0; 66514110-0; 66515000-3 e 66512100-3.

3. Tramitación e procedemento.

- a) Tramitación: ordinaria.
- b) Procedemento: aberto con varios criterios de adxudicación.

4. Orzamento base de licitación.

- a) Importe: 43.664,20 €/ano (178.832,38 euros polos catro anos de duración máxima do presente contrato).

5. Presentación das ofertas.

- a) Prazo de presentación: 15 días naturais.
- b) Documentación a presentar: cláusula sexta do prego de cláusulas administrativas particulares.
- c) Lugar de presentación:
 - 1. Dependencia: Rexistro Xeral do Concello da Laracha.
 - 2. Domicilio: Avda. Finisterre, s/n
 - 3. Localidade e código postal: A Laracha, 15145

6. Apertura de ofertas.

- a) Dirección: Concello da Laracha, Avda. de Finisterre, s/n.
- b) Localidade e código postal: A Laracha, 15145.

7. Gastos de anuncios: a cargo do adxudicatario.

A Laracha, 24 de febreiro de 2015.

O alcalde

José Manuel López Varela